

Freire, M.P.

Familia e actividade económica...

FAMILIA E ACTIVIDADE ECONÓMICA. ESTRATEGIAS REPRODUTIVAS DOS FOGARES GALEGOS, 1880-1930

MARÍA PILAR FREIRE ESPARÍS
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 7 de xullo de 2009

Aceptado: 6 de novembro de 2009

Resumo: Os estudos xurídicos e antropolóxicos máis frecuentemente citados asígnanlle á “casa”, nunha sociedade agraria tradicional como a galega no período 1880-1930, unha significación que traspasa a do simple lugar de residencia e de centro da explotación campesiña, e descríbena como unha “institución” que ten no sistema hereditario non igualitario de “mellora” e nas fórmulas familiares de cooperación no traballo na “casa” os seus máis firmes fundamentos. Con todo, como revelan as máis recentes investigacións e como se mostra neste traballo, os argumentos que sustentan o vello paradigma “matrimonio-patrimonio” baten coa realidade do mundo campesiño analizado, que mostra unha gran diversidade e heteroxeneidade interna. Nese contexto, o estudo exhaustivo da estratexia reprodutiva das familias de catorce parroquias galegas revela claramente a insuficiencia do concepto “casa”, en tanto que unificadora do mundo rural, pois non responde á diversidade das estruturas familiares que se tipifican nesta investigación. Nela analízanse, primeiro, as prácticas hereditarias e outras institucións ao servizo da “casa”; segundo, a estrutura dos agregados domésticos; e, por último, as variacións na distribución profesional segundo o tipo de familia.

Palabras clave: Familia / Estratexias reprodutivas / Sistemas hereditarios / Distribución profesional / Galicia.

FAMILY AND ECONOMIC ACTIVITY. REPRODUCTIVE STRATEGIES OF THE GALICIAN HOUSEHOLDS, 1880-1930

Abstract: The legal and anthropological studies more frequently mentioned assign to the “house” in a traditional agrarian society like the Galician society in the period 1880-1930, a meaning that goes through the mere places of residence and farmer exploitation centre, to form itself like a “institution” that it has in the unequal hereditary system of “improvement” and in the cooperative familiar formula of working in the “house” its firmer foundations. Nevertheless, as the most recent investigations reveal and it is showed in this work, the arguments that sustain to the old paradigm “marriage-patrimony” hit with the reality of the farmer world analyzed, that shows a great diversity and internal heterogeneity. In that context, the exhaustive study of the reproductive strategy of the families of fourteen Galician parishes reveals clearly the insufficiency of the concept “house”, whereas unifier of the rural world, because it does not respond to the diversity of the familiar structures that are typified in this investigation. In the same one it is analyzed, firstly, the hereditary practices and other institutions to the service of the “house”; secondly, the structure of domestic aggregates; and, finally, the variations in the professional distribution according to the type of family.

Keywords: Family / Reproductive Strategies / Hereditary Systems / Professional Distribution / Galicia.

1. INTRODUCCIÓN

Os estudos xurídicos e antropolóxicos máis comunmente citados asígnanlle á *casa*, nunha sociedade agraria tradicional como a galega no período 1880-1930, que se analiza neste caso, unha significación que traspasa a do simple lugar de residencia e de centro da explotación campesiña, e descríbena como unha *institución*

que ten no sistema hereditario non igualitario de *mellora* e nas fórmulas familiares de cooperación no traballo na *casa* os seus máis firmes fundamentos. A casa así configurada, sustento do vello paradigma matrimonio-patrimonio, bate, así e todo, coa realidade do mundo campesiño aquí estudado, que mostra unha gran diversidade e heteroxeneidade internas. Así, o estudo exhaustivo da estratexia reprodutiva das familias de catorce parroquias galegas revela claramente a insuficiencia do concepto *casa*, en tanto que unificadora do mundo rural, pois non responde á diversidade das estruturas familiares que se tipifican na investigación. Neste traballo analízanse, primeiro, as prácticas hereditarias e outras institucións ao servizo da *casa*; despois, a estrutura dos agregados domésticos e, por último, as variacións na distribución profesional segundo o tipo de familia. O estudo particularizado permite concluír que a *casa* non se pode interpretar como unha categoría unificadora do mundo rural.

O conxunto de datos que sustentan este traballo proceden da análise exhaustiva de fontes censuais e municipais. Coa elección de dous concellos amplos (que engloban un total de catorce parroquias) e vinculados un á Galicia costeira e outro á interior, buscouse analizar a evolución do grupo doméstico en dous termos municipais próximos que, se ben están estreitamente vinculados ao mundo rural, na súa conformación e evolución presentan elementos de diferenciación económica que se irán acentuando máis co transcorrer do tempo ao amparo da evolución xeral da economía galega e española.

Os concellos coruñeses de Brión e de Padrón, enclavados ambos os dous nun mundo de innegable protagonismo agrario e situados en zonas moi próximas xeograficamente, mostran na súa paisaxe, así e todo, as pegadas dunha evolución histórica con características socioeconómicas e demográficas diferenciadas.

Nas décadas finais do século XIX e nas primeiras do XX, Brión é o exemplo representativo da evolución do coñecido como modelo agrario tradicional (Bohúer, 1979; Rodríguez Galdo, 1985): un enorme peso da explotación familiar asentada sobre o policultivo de subsistencia, cun elevado grao de autoexplotación de toda a forza de traballo familiar (Dopico Gutiérrez del Arroyo, 1982), compatible cunha notoria presenza da emigración (Rodríguez Galdo e Losada Álvarez, 2006). Pola súa parte, Padrón é a cabeceira dunha comarca que combinou as actividades agrarias coa actividade manufactureira, industrial e de servizos. No Concello de Padrón, a vila do mesmo nome foise configurando ao longo do século XIX como capital dunha comarca agrícola, que tendía a primar os produtos hortofrutícolas á vez que mantiña unha actividade artesanal e unha certa actividade industrial centrada no coiro e na fabricación de lenzos. Estas actividades transformadoras súmanse ás comerciais, típicas dunha vila de longa tradición mercantil estreitamente vinculada economicamente ao núcleo principal de Santiago de Compostela (Freire Esparís, 2004, pp. 93-114).

2. PRÁCTICAS HEREDITARIAS E OUTRAS INSTITUCIÓN AO SERVIZO DA CASA

Para un nutrido grupo de xuristas (Stolle e Álvarez, 1886; Buján e Buján, 1887; Lezón Fernández, 1903; Fuenmayor Campín, 1948; Paz Ares, 1964; Artime Prieto, 1967, 1968; Fernández Rodríguez, 1974), a *casa* está constituída por elementos reais e persoais, dado que nela están incluídos o patrimonio familiar –que algúns autores denominan *lugar acasarado*¹– e tamén as persoas que conforman a familia. Interpretase que para que estes dous compoñentes permanezan integrados nunha única unidade, teríanse que ir articulando ao longo do tempo os mecanismos que posibilitasen a súa perdurabilidade. Os autores introducen así o sistema hereditario de *mellora*, que prima a conservación do patrimonio familiar no momento do seu reparto entre os descendentes e outra institución, igualmente decisiva, como a Compañía Familiar Galega.

A *casa*, que non só constitúe o lugar de residencia e centro da explotación campesiña, configúrase deste xeito como unha institución en torno á que xiran unha serie de prácticas consuetudinarias, de marcado carácter xurídico, que rexen as relacións intrafamiliares. A *casa*, segundo Paz Ares (1964, p. 13), “*preside el aparato familiar y sucesorio del agro gallego, tiene a su servicio unos instrumentos jurídicos adecuados a sus finalidades y, a la vez, encuentran en aquella su razón de ser*”. E aínda é máis explícito cando define a *casa* en Galicia como “*la entidad familiar y patrimonial integrada por la familia labradora asentada en un lugar acasarado y por este. En este concepto quedan recogidos los dos aspectos en que la casa se manifiesta. El familiar, que persigue perpetuar un nombre, una estirpe y un rango, y el económico, que tiende a asegurar la subsistencia de la explotación agrícola a lo largo del tiempo*” (Paz Ares, 1964, p. 32).

Máis recentemente, desde o campo da antropoloxía, e concretamente desde a antropoloxía histórica, autores como Méndez (1987) e Iturra (1988) volvían sinalar que: “*la casa-edificio no es más que uno de los elementos de la casa*” (Méndez, 1987, p. 207). O segundo autor estendíase en consideracións similares ao afirmar que: “*El concepto de casa abarca los aspectos patrimoniales de la unidad residencial y las personas mismas. En la casa gallega el grupo residencial de parientes trabaja en la misma tierra que les es propia, ya sea bajo la forma de propiedad privada, como propiedad comunal o por otra forma alternativa de posesión*” (Iturra, 1988, p. 103).

Esta consideración de *casa* apunta a un campesiño titular da explotación que, como sabemos, non se corresponde coa realidade social e económica do conxunto do campesiñado da Galicia do século XIX e dunha boa parte do XX. Este aspecto é de capital importancia na consideración das diversas estruturas familiares que atopamos en Brión e en Padrón. Reteñamos agora que unha institución familiar configurada sobre o binomio *matrimonio-patrimonio* atoparía no sistema hereditario de *mellora* e nas

¹ “*El substrato real de la Casa gallega está constituido por el denominado en esta región «lugar acasarado». Dicho lugar acasarado lo forman la casa petrucial, tierras labrantías, prados y montes, que aun no siendo ordinariamente colindantes constituyen una unidad orgánica de explotación. En una palabra, el soporte físico de la Casa es la explotación agrícola, que sirve de sustento a la familia asentada en ella...*” (Paz Ares, 1964, pp. 33-34).

fórmulas familiares de cooperación no traballo na *casa* os seus máis firmes ali-cercos.

O sistema de *mellora*, que segundo a afirmación de San Martín (1984, p. 48) “*ha desempeñado un papel de primera magnitud en la reproducción del modo de vida en Galicia*”, deu orixe a una ampla produción bibliográfica, preocupada, en primeiro lugar, por definir un termo que encobre modalidades diversas de acceso ao patrimonio familiar e de difícil encaixe na normativa legal liberal. Dentro da asunción do paradigma *matrimonio-patrimonio*, un dos temas máis debatidos resultou ser o da “xustiza” dun sistema hereditario no que un dos descendentes se beneficia da práctica totalidade do patrimonio familiar².

Pero, a comprensión desta práctica de herdanza esixía tamén non ter en conta unicamente factores de carácter material ou mesmo ecolóxicos, como destaca Lisón Tolosana (1971, p. 336; 1973, p. 94) cando explica este sistema concreto en función da “pobreza produtiva” do solo de Galicia e da *pouquitude* da propiedade familiar. Outórgaselle, así mesmo, un papel fundamental a outros elementos de carácter consuetudinario e ata moral, e sinálase entre estes a firme convicción existente naquelas zonas de Galicia onde a presenza da *casa* é máis forte de que esta lle pertence a aquel que casou nela e que contribúe co seu traballo e esforzo ao mantemento da explotación agraria. Unha convicción que, lembremos, respondía a unha concepción da *casa* que comprendía algo máis que elementos materiais e xurídicos; poderíase mesmo dicir que incorporaría un sentimento adquirido no ambiente familiar e que chegaría a ter máis forza que o interese económico polos bens materiais que se poidan percibir.

Antes de continuar cómpre destacar que as argumentacións anteriores identifican en exceso matrimonio e herdanza, cando en realidade se trata de dous momentos dentro dun proceso de vida que non obedecen a pautas ríxidas, senón que máis ben gardarían relación coa estratexia reprodutiva daquel estrato do campesiñado que dispón de terras transmisibles en herdanza.

O anterior esixe non cuestionar un elemento que vertebra toda sociedade tradicional como é a relación de “servidume familiar”—como gustan empregar os antropólogos—, ou de dominio persoal, que exerce o pai ou o “cabo de casa”³ sobre os membros da

² Fernández de Rota y Monter na súa investigación antropolóxica sobre o Concello de Monfero (A Coruña) describe así a situación para cada un dos participantes no reparto do patrimonio familiar: “*Es claro que el «millorado» tenía unas ventajas considerables con respecto a sus hermanos en cuanto a la herencia. Los demás hermanos quedaban de ordinario en la imposibilidad de mantener por cuenta propia una explotación agropecuaria suficiente. Sus alternativas ordinarias: quedar en la casa familiar como solteros, casar con un cónyuge que tuviera «millora», «ir polo mundo adelante» como emigrante a América o a la ciudad en busca de alguno de los escasos puestos de trabajo posibles o intentar como «xornaleiros» o artesanos la creación dificultosa de una «vida» con el apoyo de su escasa herencia.*”

“*Sin embargo, la institución hereditaria era vista como algo lógico e inevitable. La razón fundamental aducida era que en la mayoría de las explotaciones su reducido tamaño no permitía la supervivencia de más de una familia. Por consiguiente, alguno tenía que ser el elegido y los otros debían contentarse con la pequeña ayuda que suponía la «legítima»*” (Fernández de Rota y Monter, 1982, pp. 613-614).

³ “*Todas las instituciones consuetudinarias de Galicia tienen su origen en la peculiar organización de la familia rural, que ha tenido y tiene por basamento una constitución colectiva, una comunidad doméstica. El poder es uno, vinculado en el petrucio, jefe de la familia en las relaciones morales con los descendientes, colaterales, afines y criados, y gerente de la explotación agrícola en las relaciones económicas con todos*” (García Ramos, 1909, p. 9).

familia en tanto que traballadores da *casa*. Así nolo recordan San Martín e Gondar (1979, p. 197) cando escriben: “*En Galicia o mesmo sistema de herdanza fomentou tradicionalmente esta situación. A mellora é a arma estratéxica coa que o pai xoga ate o derradeiro instante como instrumento de control dos fillos*”.

A argumentación anterior leva tamén á non consideración da *mellora* como unha categoría “fixa”. Antes ben, imponse a consideración de “fluída” (San Martín, 1984, p. 51), dada a variedade de fórmulas que acolle, mesmo baixo as dúas modalidades dominantes de *mellora forte* e *mellora débil*. Basicamente, a primeira consistiría en deixarlle a un fillo ou filla en torno aos dous terzos do patrimonio familiar, se ben esta proporción varía lixeiramente segundo as zonas e circunstancias familiares. A segunda basearíase en deixarlle ao *mellorado* a casa e as terras que a circundan, o que se denomina asentamento ou circundado.

Neste sistema de herdanza o fillo ou filla mellorado adquire unha serie de obrigas cara á casa que son determinantes para preservar e garantir a súa condición de melloorado. Neste sentido, Paz Ares (1964, p. 129) apunta que “*la obligación primordial que se señala al mejorado es la de vivir en la casa con sus padres. Suele expresarse de esta u otra forma similar: queda obligado a vivir con su esposa e hijos menores en la casa y compañía de sus padres, a una mesa y manteles, obedecerles, cuidarles y trabajar los bienes en unidad de hogar y explotación, y muertos estos, funerarlos, y tener consigo a los hermanos solteros o viudos sin hijos, mientras trabajen para la casa. O también la de hacer constar que las ventajas atribuidas al mejorado quedan sujetas a la condición de que viva en la casa y compañía de sus padres hasta que fallezca el último de ellos, etc.*”.

Engade o mesmo autor que “*el petruciazgo es la institución jurídica regional mediante la cual los padres de las familias labradoras gallegas transmiten a uno de sus hijos o descendientes –el «petrucio»– la integridad, o la mayor parte, del patrimonio para conseguir su conservación a través de la sucesión hereditaria y, como consecuencia, el mantenimiento de la casa, finalidad primordial que preside tal instituto*” (Paz Ares, 1964, p. 118).

Con este obxectivo de mantemento da *casa* o sistema de *mellora* trata de transmitir a un dos descendentes a integridade ou a maior parte do patrimonio familiar⁴. Como deixamos apuntado, o sistema doméstico e sucesorio obedece na práctica, tal e como anota Cardesín (1997, p. 400) nun traballo de síntese, menos ás normas xurídicas e consuetudinarias que á situación particular de cada grupo doméstico e do capital material e simbólico de que dispón. Nesta mesma dirección insiste Iturra (1985) cando di que a estratexia matrimonial e a herdanza se subordinan á necesidade de manter grupos produtivos/reprodutivos viables. Estas estratexias preséntanse diferenciadas en consonancia cos diversos grupos sociais do mundo agrario.

Documentos notariais e fontes de transmisión oral coinciden á hora de destacar a predominancia dos sistemas non igualitarios de herdanza nos dous concellos. Non

⁴ Sobre os distintos mecanismos legais utilizados trata García Seijo (1980).

se trata de fórmulas fixas, senón que en función das distintas estratexias reprodutivas das familias amosan certas particularidades que non impiden, con todo, extraer os seus trazos máis definitorios. A modalidade de *mellora* máis frecuente no termo municipal de Brión é a da asignación ao *mellorado* das dúas terceiras partes dos bens, ademais de participar no terzo restante repartido a partes iguais entre todos os herdeiros. Así, o fillo escollido para perpetuar a integridade do patrimonio –o *patrucio* ou *vinculeiro*– percibe o terzo de mellora e o de libre disposición, tamén denominado *quinto*. Esta fórmula emprégase en maior grao naquelas zonas cunha forte dedicación da súa poboación á actividade agraria. Diversos documentos testamentarios e de partillas relativos ás familias estudadas, e pertencentes a diferentes momentos históricos, dan fe da vixencia desta fórmula tamén en Padrón. Con todo, aquí existe unha maior tendencia a un reparto máis igualitario entre todos os herdeiros, como recollen diversos testamentos correspondentes á segunda metade do século XIX.

Nunha visión en gran medida atemporal do mundo rural o mantemento da unidade de produción familiar esixe preservar a indivisibilidade dos seus bens, tanto a través dun sistema de herdanza como do dereito de acudir a outra institución: a Compañía Familiar Galega. Esta foi obxecto, igualmente, dun elevado número de estudos nos que predominan os realizados desde o campo do dereito entre finais do século XIX e as primeiras décadas do XX. Neste caso os xuristas céntranse moi particularmente en estudar a súa orixe histórica, as causas da súa persistencia, os efectos beneficiosos que proporciona, os motivos para a súa formación, as causas de disolución, etc.

Sen entrar agora a profundar na discusión sobre o seu recoñecemento xurídico, existe unha total coincidencia ao sinalar que se trata dunha asociación que xorde da necesidade de colaboración entre membros dunha mesma familia para lograr a súa supervivencia⁵. Esta asociación é necesaria debido á estrutura da propiedade da terra e á persistencia dun sistema de explotación da terra intensivo en traballo humano (Núñez González, s.d. *circa* 1890-1900, pp. 3-4).

A Compañía Familiar, así mesmo, posibilitaría en gran medida a existencia en amplas zonas de Galicia dunhas elevadas porcentaxes de familias complexas. Estas familias non só serían importantes polos números que representan, senón tamén polo que simboliza este tipo de agrupación familiar. A súa estrutura interna permite a convivencia de parentes que, doutro xeito, se verían expulsados da contorna doméstica. Actúa, polo tanto, como un mecanismo de acollida para determinados membros da familia e, á vez, constitúe unha vía adecuada para lograr a forza de traballo necesaria para a reprodución da explotación agraria. Nestes aspectos teima Montero Lois (1898, p. 82) cando escribe: “*Tales Compañías, llamadas gallegas, que constituyen irreprochables modelos de la familia compuesta, son asociaciones puramente familiares, compuestas de los padres, de sus hijos e hijas mayores de*

⁵ Estudos recentes demostran a grande adaptabilidade que pode adoptar a Compañía Familiar Galega. Para o caso de Terra de Montes nos séculos XVII e XVIII, véxase Fernández Cortizo (2004).

edad y, si fuesen casados, de los respectivos cónyuges, que deben su constitución al consentimiento tácito, revelado por el hecho de vivir en familia bajo un mismo techo y a un mismo hogar dos o más matrimonios o personas emancipadas, unidas entre sí por los vínculos de la sangre, cultivando en común sus intereses por la cooperación de todos, utilizando sus productos sin distinción de origen y en beneficio también común, y considerándose todos los socios con igualdad de derechos; y, en una palabra, presúmese que la forman las personas referidas, siempre que vivan juntas y coman a una misma mesa y manteles...”.

Reivindícase que os efectos positivos que tal agrupación familiar lle proporciona á poboación ocupada en actividades agrarias non se limitan a facilitar a súa subsistencia, aliviando os problemas derivados da peculiar situación económica e social da rexión galega, senón que tamén posibilitan un “certo benestar” para aqueles membros da familia máis desprotexidos, un aspecto que sempre interesa destacar aos defensores da súa persistencia. Insístese en que a Compañía Familiar Galega coida das persoas de idade avanzada, que se aseguran os coidados necesarios durante a vellez, pero tamén das mulleres con maridos emigrantes, ou *viúvas de vivos*, que atopan no resto da familia o amparo necesario nestas circunstancias (Montero Lois, 1898, pp. 98-99).

3. A ESTRUTURA DOS FOGARES

A particular evolución económica e demográfica dos concellos de Brión e de Padrón vaise reflectir na estrutura, na composición e na organización interna das familias. Polo que respecta á estrutura dos fogares, podemos sinalar unha maior complexidade familiar no Concello de Brión, tal e como se aprecia nas táboas 1 e 2, que recollen os datos relativos á estrutura das familias, empregando o modelo clasificatorio de Laslett⁶.

Compróbase como ao longo do período estudado os valores son superiores para o Concello de Brión, de xeito que as familias dos grupos 4 e 5 chegan a alcanzar o 36,9% do total municipal no ano 1914. En Padrón a porcentaxe máis alta rexístrase a principios do século XX, cun 26,4% de familias extensas e múltiples; o máis baixo atópase no ano 1889, cun 19,6% do total. Polo que respecta ás familias nucleares, estas presentan sempre valores máis altos no Concello de Padrón, pois en

⁶ Os grupos familiares que establecemos foron cinco. Os de tipo 1 ou de solitarios son os integrados por unha única persoa (viúva ou solteira). Os de tipo 2 correspóndense con familias sen estrutura, é dicir, aquelas nas que residen dúas ou máis persoas (emparentadas ou non) sen formar núcleo. As familias nucleares ou de tipo 3 son as integradas por un núcleo familiar (un matrimonio con ou sen fillos, un viúvo ou viúva con fillos ou ben solteira con fillos). Os fogares extensos (tipo 4) son aqueles nos que, ademais dun núcleo familiar, hai outros membros coresidentes na mesma unidade, como poden ser pais, irmáns, sobriños, netos, etc.; dependendo de se o cabeza de familia pertence a unha xeración anterior, posterior ou igual á do mesmo coresidente, clasifícanse en extensa ascendente, descendente ou colateral. A categoría de familias múltiples ou de tipo 5 refírese aos fogares nos que reside máis dun núcleo familiar; dependendo da pertenza do núcleo secundario (aquele no que non está incluído o cabeza de familia) a unha xeración anterior, posterior ou igual á do cabeza de familia, distinguimos entre múltiple ascendente, descendente ou colateral.

ningún momento baixan do 55% do total familiar. Outra diferenza considerable pódese apreciar no grupo de solitarios, de menor relevancia no concello brionés.

Táboa 1.- Importancia numérica e porcentual das familias segundo o tipo familiar. Concello de Brión

ANOS		TIPO DE FAMILIA				
		1	2	3	4	5
1888	Nº	180	74	753	338	152
	%	12,1	4,9	50,3	22,5	10,1
1914	Nº	197	47	650	401	126
	%	13,8	3,3	45,7	28,1	8,8
1924	Nº	136	58	686	313	166
	%	10,0	4,3	50,4	23,1	12,2
1930	Nº	146	45	698	306	189
	%	10,5	3,2	50,4	22,1	13,6

FONTE: Elaboración propia.

Táboa 2.- Importancia numérica e porcentual das familias segundo o tipo familiar. Concello de Padrón

ANOS		TIPO DE FAMILIA				
		1	2	3	4	5
1889	Nº	277	79	912	255	55
	%	17,5	5,1	57,7	16,2	3,4
1904	Nº	199	94	967	346	106
	%	11,7	5,5	56,5	20,2	6,2
1935	Nº	169	83	746	216	79
	%	13,0	6,5	57,7	16,6	6,2

FONTE: Elaboración propia.

Sabemos por traballos anteriores que en Padrón as porcentaxes que representan os viúvos e os solteiros dentro do grupo 1 están moi próximas, mentres que en Brión teñen maior importancia as persoas solteiras que viven en solitario. Este comportamento necesariamente garda relación coa existencia dunhas elevadas porcentaxes de solteiría definitiva, especialmente destacadas nas datas finais do século XIX e nas primeiras do XX, precisamente cando se rexistra unha maior importancia dos fogares integrados por unha única persoa solteira.

O grupo 2, ou “sen estrutura familiar”, ten menor importancia cuantitativa en ambos os dous concellos, pois a coresidencia de parentes sen formar núcleo é bastante excepcional. En ambos os dous termos municipais, a subcategoría máis importante é a de irmáns coresidentes.

As familias nucleares, como sinalabamos, representan o grupo máis numeroso en ambos os dous concellos. Dentro delas, como é habitual, o subgrupo “matrimonio con fillos” acapara o maior número de casos. Destaca tamén o elevado tanto por cen de “viúvas con fillos” (categoría 3d). Con todo, debemos aclarar que neste grupo están incluídos aqueles nos que figura como cabeza de casa unha muller

porque o marido está ausente, é dicir, integra ás *viúvas de vivos* (Freire Esparís, 2009).

Polo que respecta ás familias extensas e múltiples, tanto nun caso coma noutro, predominan as de tipo descendente (subtipo 4b), o cal é consecuencia da “xefatura” do grupo doméstico, que ata a morte mantén o antigo *patrucio*, e que provoca que sexan raros os casos nos que, dentro dunha familia troncal, apareza un consorte do matrimonio mozo como cabeza de familia. Mesmo é habitual que, á morte do titular, a súa viúva pase a ocupar a xefatura da familia⁷, polo que a partir de determinada idade se amplía a proporción de mulleres que figuran como cabezas de casa. Dentro das familias extensas tamén é considerable a importancia do subgrupo 4c, correspondente a grupos familiares extensos de tipo colateral. Isto débese á presenza no fogar de irmáns do cabeza de familia, ou do seu cónxuxe, que permanecen solteiros na casa patrucial.

A elevada representación das familias complexas no concello brionés non sorprende nun contexto marcadamente agrario, necesitado dunha forte concentración de forza de traballo para a reprodución da explotación familiar. Os datos dos padróns de habitantes dos anos 1888 e 1930 permítenos comprobar que a complexidade afecta ao 38% das familias dedicadas a esta actividade no primeiro padrón sinalado e ao 40% no do ano 1930. Estes datos obríganos a unha consideración conxunta das prácticas hereditarias máis xeralmente empregadas en Brión, baseadas no reparto non igualitario do patrimonio familiar, coas que se beneficia en gran medida a un único fillo. Deste xeito, unha parte importante dos irmáns non mellorados optan pola solución de permanecer na casa patrucial contribuíndo co seu traballo ao sustento da explotación familiar. Pero lembremos tamén que, dentro dunha estratexia deseñada no marco familiar, son así mesmo estes últimos os máis propensos a emigrar.

4. A COMPOSICIÓN DOS FOGARES EN RELACIÓN COA DISTRIBUCIÓN PROFESIONAL DOS CABEZAS DE FAMILIA

Lembremos que no Concello de Padrón, a vila do mesmo nome foise configurando ao longo do século XIX como capital dunha comarca agrícola con tendencia a especializarse en produtos hortofrutícolas, á vez que mantiña unha actividade artesanal e unha certa actividade industrial centrada no coiro e na fabricación de lenzos. Durante o século XX afondouse o proceso de especialización agraria e fóronse desenvolvendo novas pequenas empresas en diferentes ramas industriais, mentres que en Brión, como concello plenamente agrícola e gandeiro, íría afondando no século XX a súa dedicación a esta última actividade.

⁷ Recorda Paz Ares (1964, p. 168) que, precisamente, o caso de Padrón contén un bo elemento explicativo do factor que contribúe a que as viúvas asuman a xefatura familiar, dado que na comarca padronesa “*es frecuentísimo el usufructo universal a favor del cónyuge sobreviviente. Su peculiaridad principal es la de no dividirse la herencia mientras viva el supérstite*”.

Interesa agora destacar que, nun mundo así configurado, os elementos que apuntan a unha xerarquización interna dentro do campesiñado⁸ como grupo social dominante no ámbito dos dous concellos e ao asentamento dunhas estruturas urbanas, no caso de Padrón, teñen tamén o seu reflexo nunha progresiva diferenciación interna. Referímonos a unha diferenciación socioprofesional que, por pouco relevante que pareza nunha primeira achega desde unha perspectiva da análise social a nivel macro, oculta matices que se revelan moi significativos á hora de achegármolos a unha interpretación da composición familiar e da súa evolución.

Como primeira fase da análise, procedemos á elaboración dunha clasificación sectorial segundo a “profesión” dos cabezas de familia que figura nos padróns de habitantes. Debido á pluriactividade característica do mundo labrego⁹, reflíctese unha gran variedade, non exenta de imprecisións, do que poderíamos chamar *categorías profesionais*, recollidas baixo o epígrafe “profesión, oficio ou ocupación” dos padróns de habitantes empregados, polo que se fixo necesario proceder a unha agrupación das ditas categorías profesionais en dez subtipos, cun afán sintetizador que intentou preservar en todo momento os matices anotados na documentación. Isto explica a diferenciación entre *propietarios, labradores e xornaleiros* por unha parte, ou o mantemento de categorías como *nobres e fidalgos, o seu sexo*, etc.

Nunha primeira clasificación resultaron os seguintes grupos: labradores, xornaleiros, propietarios, *o seu sexo*¹⁰, mariñeiros, sector industrial, sector servizos, nobres e fidalgos, militares, sacerdotes, sen profesión, profesión sen determinar e grupo sen identificar. Mantivemos a categoría *propietarios* sen que da documentación se poida deducir que non xestionasen directamente as súas terras. O seu emprego reflicte máis ben oscilacións en función da terminoloxía oficial máis en uso e da percepción do funcionario encargado de elaborar o padrón. O grupo *sen profesión* corresponde a aqueles cabezas de familia que figuran na fonte orixinal con esta denominación; *profesión sen determinar* engloba os casos nos que non figura ningunha dedicación profesional; e *grupo sen identificar* refírese a aqueles grupos domésticos nos que os seus cabezas poderían ser considerados como inactivos¹¹. Como se pode apreciar, tratouse de conservar ao máximo a terminoloxía empregada (*o seu sexo*, sacerdotes, etc.) sempre que fose susceptible dunha consideración

⁸ Para entender a xerarquización interna do campesiñado, véxase Labrousse (1973).

⁹ Aínda no ano 1912, García Ramos (1912, p. 164) anota: “Fue y aún es fecunda Galicia en el sostenimiento de industrias domésticas auxiliares de la agricultura. De espíritu fuerte para las más rudas faenas y de temperamento hostil a la quietud y el reposo, buscan los gallegos en el trabajo aplicación a sus energías y le demandan un medio económico de subvenir a su sostén. La tierra fecunda, pero limitada su fuerza productiva por la falta de capital que huye de la industria agrícola, gravada por múltiples cargas reales, parcelada hasta el último grado e incapaz, por tanto, de un cultivo extensivo, no ofrece al labrador los elementos económicos suficientes para satisfacer sus necesidades. Por estas causas, ya en aquellas épocas en que las faenas agrícolas no exigen una atención persistente, ya en las veladas invernales, ora con ocasión de regocijos o aprovechando los elementos gratuitos que ofrece la naturaleza, buscan un auxilio a la agricultura en otros oficios compatibles con ella”.

¹⁰ No grupo *o seu sexo*, ademais desta mesma categoría, tamén se incluíron as denominadas *labores e goberno de casa*. As diferentes denominacións varían segundo o padrón de habitantes manexado.

¹¹ Este é o caso dos que se rexistran coa categoría de “jubilado”, “pensionista”, “inútil”, “enfermo”, “cego”, “inválido” etc.

individualizada e de relevancia nunha análise microsocia. A segunda fase consistiu en agrupar as familias segundo os dez sectores de actividade predeterminados.

Empezando a análise polo Concello de Brión, resulta manifesta, como non podía ser menos, a forte dedicación á agricultura por parte das familias en todos os momentos para os que dispoñemos de datos, con tantos por cen que case sempre superan as tres cuartas partes do total de familias. Os resultados relativos á distribución profesional dos cabezas de familia neste concello reflíctense na táboa 3. Da análise dos datos contidos nesa táboa parecería apuntarse unha redución do peso do sector agrario no ano 1930, pero esa redución non é real, xa que o grupo *propietarios* presenta unha porcentaxe do 23,4%, e sabemos que ese grupo o integran persoas dedicadas ás actividades agrarias. Por outra parte, a proporción que lles corresponde ás mulleres clasificadas profesionalmente coa categoría *o seu sexo* haina que integrar totalmente no mesmo sector agrario. A este respecto cómpre ter en conta que se trata, como se recolle nos mesmos padróns, de mulleres de labradores, e sabemos ben o que representa o traballo das mulleres na agricultura familiar, malia a escasa consideración estatística que se desprende dos censos de poboación activa.

Táboa 3.- Distribución profesional dos cabezas de familia. Concello de Brión

PPROFESIÓN	ANOS							
	1888		1914		1924		1930	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Agricultura labradores	1.143	76,4	1.363	95,9	1.245	91,6	753	54,4
Xornaleiros	201	13,4	2	0,1	2	0,1	158	11,4
Propietarios	11	0,7	7	0,5	0	0,0	324	23,4
“O seu sexo”	1	0,1	3	0,2	60	4,4	30	2,2
Mariñeiros	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0
Sector industrial	59	3,9	29	2,0	30	2,2	84	6,1
Sector servizos	41	2,7	8	0,6	15	1,1	22	1,6
Nobres e fidalgos	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0
Militares	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0
Sacerdotes	7	0,5	7	0,5	6	0,4	8	0,6
Sen profesión	27	1,8	1	0,1	1	0,1	3	0,2
Profesión sen determinar	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0
Grupo sen identificar	5	0,3	1	0,1	0	0,0	2	0,1
TOTAL FAMILIAS	1.496	100,0	1.421	100,0	1.359	100,0	1.384	100,0

FONTE: Elaboración propia.

Procedemos de igual modo para o caso de Padrón coa clasificación profesional para o conxunto municipal (táboa 4).

Como cabía esperar, en Padrón dáse unha maior diversidade profesional dos cabezas de familia. A porcentaxe relativa ao sector industrial é máis reducida nos anos finais do século XIX, redución que necesariamente está relacionada coa decadencia do sector téxtil debida á competencia de fiados de algodón máis baratos procedentes do exterior. Con todo, lembremos como a comarca de Padrón foi practicamente a única zona de Galicia na que perdurou o sistema de produción domés-

tica ata ben entrado o século XX, grazas á actuación dalgúns comerciantes da zona que pasan a exercer un maior protagonismo no proceso produtivo, ata o punto de que proceden a importar fiados estranxeiros para logo subministralos directamente aos tecedores. Isto explica a persistencia durante todo o século XIX e principios do XX dun número aínda considerable de membros das familias padronesas dedicados á actividade téxtil.

Táboa 4.- Distribución profesional dos cabezas de familia. Concello de Padrón

PROFESIÓN	ANOS							
	1888		1914		1924		1930	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Agricultura labradores	650	41,2	685	40,0	396	30,8	650	41,2
Xornaleiros	512	32,4	632	36,9	384	29,9	512	32,4
Propietarios	32	2,0	34	2,0	12	0,9	32	2,0
“O seu sexo”	104	6,6	76	4,4	117	9,1	104	6,6
Mariñeiros	16	1,0	4	0,2	6	0,5	16	1,0
Sector industrial	150	9,5	201	11,7	192	14,9	150	9,5
Sector servizos	47	3,0	36	2,1	105	8,2	47	3,0
Nobres e fidalgos	0	0,0	0	0,0	1	0,1	0	0,0
Militares	5	0,3	6	0,4	2	0,2	5	0,3
Sacerdotes	5	0,3	9	0,5	4	0,3	5	0,3
Sen profesión	25	1,6	8	0,5	2	0,2	25	1,6
Profesión sen determinar	0	0,0	0	0,0	57	4,4	0	0,0
Grupo sen identificar	31	2,0	21	1,2	7	0,5	31	2,0
TOTAL FAMILIAS	1.578	100,0	1.712	100,0	1.285	100,0	1.578	100,0

FONTE: Elaboración propia.

As cifras das táboas 5 e 6 revelan aspectos moi interesantes e máis precisos que os anteriores, xa que nos permiten ver que agrupación familiar¹² destaca nas principais categorías profesionais. A súa selección fíxose en función da súa importancia porcentual e tratando de coñecer en cada momento o comportamento familiar segundo o tipo de actividade desenvolvida polo cabeza de casa.

En Brión, malia a pouca representatividade que ten o número de cabezas de familia empregados no sector industrial, vemos como as porcentaxes máis elevadas de familias complexas se atopan naqueles grupos profesionais pertencentes ao sector primario, como labradores e propietarios. Nestas categorías as familias extensas e múltiples representan porcentaxes superiores ao 35% do total de grupos domésticos rexistrados para cada profesión.

Por outro lado, o comportamento do grupo de xornaleiros preséntase ben diferente. Sobresaen, neste caso, as familias de *solitarios* ou *sen estrutura*, así como as *nucleares*¹³, mentres que as *complexas* perden importancia porcentual. Este resultado pódese relacionar coa propia contorna deste tipo de actividade, pois ao tratarse

¹² Consideramos conxuntamente os grupos familiares de tipo 1 e 2 (solitarios e sen estrutura familiar), os de tipo 4 e 5 ou familias complexas (extensas e múltiples) e individualmente os de tipo 3 (nucleares).

¹³ A maior representatividade das familias nucleares e de solitarios entre os xornaleiros tamén se pode observar no Bispado de Coimbra (Portugal) a principios do século XIX (Mota, 1988, pp. 52-53).

de grupos domésticos que con frecuencia non posúen propiedades agrarias tampouco poden acoller un número de membros tan amplo no seu seo.

Táboa 5.- Porcentaxes que cada agrupación familiar representa sobre o total de familias por sectores profesionais. Concello de Brión

	PROFESIÓN	1+2	3	4+5	Nº DE FAMILIAS POR SECTOR DE ACTIVIDADE	% SOBRE TOTAL DE FAMILIAS DO CONCELLO
1888	Labradores	14,6	47,8	37,6	1143	76,4
	Xornaleiros	27,9	59,2	12,9	201	13,4
	Industria	11,9	59,3	28,8	59	3,9
	Servizos	7,3	78,0	14,6	41	2,7
1914	Labradores	16,9	45,7	37,3	1363	95,9
	Industria	3,4	48,3	48,3	29	2,0
1924	Labradores	13,3	50,4	36,3	1245	91,6
	Industria	3,4	63,3	33,3	30	2,2
	“O seu sexo”	30,3	45,0	25,0	60	4,4
1930	Labradores	11,7	47,9	40,4	753	54,4
	Xornaleiros	24,1	55,1	20,9	158	11,4
	Industria	4,8	69,0	26,2	84	6,1
	Servizos	22,7	50,0	27,3	22	1,6
	Propietarios	12,7	50,6	36,7	324	23,4
	“O seu sexo”	23,3	50,0	26,7	30	2,2

FONTE: Elaboración propia.

Un comportamento parecido observámolo nos fogares nos que o cabeza de casa é unha muller con profesión *o seu sexo*. Neste caso, unha porcentaxe importante daqueles son persoas que viven en solitario ou que conviven con outras, pero sen formar núcleo familiar.

Tal e como sinalamos anteriormente, na táboa 6 quedan recollidas as porcentaxes que cada agrupación familiar representa sobre o número de familias empregadas en cada sector de actividade para o Concello de Padrón. Neste caso, os resultados son bastante máis nítidos debido a que estamos ante un termo municipal no que o sector industrial presenta maior relevancia en canto ás porcentaxes de poboación ocupada nel. Observamos que nesta actividade son maioritarias as familias con estrutura nuclear, con porcentaxes que sempre superan o 70% de grupos domésticos empregados no sector.

Pola contra, no sector primario, malia que as familias cun núcleo son as que representan unha maior proporción, adquiren unha gran relevancia os fogares complexos, con porcentaxes que están preto do 25% segundo os datos do padrón municipal de habitantes do ano 1889, para incrementarse ata o 36,8% a principios do século XX e alcanzar o 37,9% no ano 1935.

O grupo de *xornaleiros* adquire unha especial representación a finais do século XIX e nas primeiras décadas do XX, igual que sucede noutras partes de Galicia¹⁴, e

¹⁴ Para o concello lucense do Courel, véxase Bauer (1983, 1987); para a parroquia de San Martiño do Castro (Lugo), pode consultarse Cardesín Díaz (1992).

presenta a particularidade dunha destacada importancia das familias sen núcleo. Sabemos, ademais, que aquelas persoas que figuran nos respectivos padróns de habitantes como *xornaleiros* son maioritariamente de sexo feminino (Freire, 2004, 2008). En Brión, preto das tres cuartas partes do total de xornaleiros observados (cabezas de familia ou os seus cónxuxes) son mulleres nas dúas datas analizadas (nos anos 1888 e 1930). En Padrón, a porcentaxe representada polas mulleres neste grupo profesional está preto do 70%, o que nos indica que é, igualmente, unha actividade de destacable dedicación feminina.

Táboa 6.- Porcentaxes que cada agrupación familiar representa sobre o total de familias por sectores profesionais. Concello de Padrón

	PROFESIÓN	1+2	3	4+5	Nº DE FAMILIAS POR SECTOR DE ACTIVIDADE	% SOBRE TOTAL DE FAMILIAS DO CONCELLO
1889	Labradores	18,6	55,4	26,0	650	41,2
	Xornaleiros	29,1	56,1	14,8	512	32,4
	Industria	12,0	76,7	11,3	150	9,5
	Servizos	12,8	66,0	21,2	47	3,0
	Propietarios	25,0	53,1	21,9	32	2,0
	“O seu sexo”	28,8	50,0	21,2	104	6,6
1904	Labradores	11,4	51,8	36,8	685	40,0
	Xornaleiros	22,6	56,5	20,9	632	36,9
	Industria	9,5	76,6	13,9	201	11,7
	Servizos	8,3	63,9	27,8	36	2,1
	Propietarios	38,2	41,2	20,6	34	2,0
	“O seu sexo”	27,6	46,1	26,3	76	4,4
1935	Labradores	14,1	48,0	37,9	396	30,8
	Xornaleiros	22,9	60,9	16,1	384	29,9
	Industria	7,8	78,6	13,5	192	14,9
	Servizos	18,1	67,6	14,3	105	8,2
	“O seu sexo”	41,9	33,3	24,8	117	9,1

FONTE: Elaboración propia.

5. CONCLUSIÓN

A especial representación do grupo de xornaleiros (con porcentaxes que en Brión se elevan a un 13,4% no ano 1888 e a un 11,4% no ano 1930, que alcanzan representacións superiores en Padrón cun 32,4% no ano 1889, un 36,9% no ano 1904 e un 29,9% no ano 1935) reforza o apuntado nas páxinas anteriores sobre a xerarquización vixente no campo galego. Lonxe dunha visión unitaria do campesiñado, posuidor dun patrimonio que se tendía a identificar coa *casa* e que esixía institucións que velasen pola preservación do patrimonio vinculando estreitamente o matrimonio coa herdanza, os xornaleiros enfróntannos con outra importante realidade: a dos non-posuidores de medios propios de produción (ou que os posúen en moi pequena escala) e que se ven obrigados a traballar a xornal. É máis, a publicística galega de fin de século, máis sensible a tratar os problemas do campo galego,

dedicou moitas páxinas a describir a situación das mulleres do mundo agrario (Freire Esparís *et al.*, 1999), que incluía desde aquelas mulleres que eran presentadas como o verdadeiro sostén da agricultura familiar ata as nais solteiras, maiormente xornaleiras, igualmente loadas pola súa disposición ao traballo. Esta observación dos contemporáneos ten o seu eco na documentación que vimos analizando, na medida en que se constata o elevado número de xornaleiras e, por outra parte, nos permite fixar a importancia das nais solteiras dentro do grupo de xornaleiras.

En definitiva, os datos permiten comprobar que, segundo o sistema económico predominante, as diversas conxunturas económicas e un elemento que moitas veces se esquece como é a posesión dun determinado capital simbólico, os grupos familiares adoptan unhas estratexias produtivas e reprodutivas axeitadas ás súas necesidades.

Así mesmo, dispoñemos do material conceptual e analítico preciso para poder interpretar a dinámica descrita pola agricultura familiar galega, que incluía unha marcada diferenciación interna dentro do campesiñado, e integrar ao seu carón a actividade desenvolvida polos axentes económicos que no mundo rural carecían de “patrimonio” e, polo tanto, de “casa-explotación”. Por iso é insuficiente o concepto *casa* asimilado a *patrimonio*, que non comprendería o conxunto do campesiñado. A *casa* non se identifica con *grupo doméstico*, concepto este máis amplo que engloba a diversidade de estruturas familiares que tipificamos neste traballo e que trata de constatar as distintas estratexias campesiñas en función das estratexias produtivas das familias e da súa posesión dun capital simbólico determinado. A *casa* non resultaría así unha categoría unificadora do mundo rural.

BIBLIOGRAFÍA

- ARTIME PRIETO, M. (1967): “La casa y la familia en el Derecho consuetudinario de Galicia”, *Foro Gallego*, núm. 135-136, pp. 247-262.
- ARTIME PRIETO, M. (1968): “El pacto de casar para casa y la familia en el Derecho consuetudinario de Galicia”, *Foro Gallego*, núm. 140, pp. 437-460.
- BAUER, R. (1983): *Family and Property in a Spanish Galician Community*. Michigan.
- BAUER, R. (1987): “Inheritance and Inequality in a Spanish Galician Community, 1840-1935”, *Ethnohistory*, vol. 34, núm. 2, pp. 171-193.
- BOUHIER, A. (1979): *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation dun vieux complexe agraire*. (Edición en galego, 2001).
- BUJÁN Y BUJÁN, G. (1887): *Sociedad gallega. Estudio jurídico sobre el contrato de compañía de familia*. Ourense.
- CARDESÍN, J.M. (1992): “Ricos, labradores, caseiros e camareiras: transformaciones económicas y jurídico-políticas, y estructura social en una aldea de Galicia –NW de España–”, *Ler Historia*, núm. 32, pp. 79-99.
- CARDESÍN, J.M. (1997): “A heteroxeneidade da reprodución social nunha sociedade estratificada: A Galicia rural do século XIX”, en F. Rodríguez Iglesias [ed.]: *Galicia. Antropología*, XXVI, pp. 394-437.

- DOPICO GUTIÉRREZ DEL ARROYO, F. (1982): “Productividade, rendementos e tecnoloxía na agricultura galega de fins do século XIX”, *Grial Historia*, anexo 1, pp. 66-81.
- FERNÁNDEZ CORTIZO, C. (2004): “Vivir y conservarse en mistidumbre: la Compañía familiar gallega”, en F.J. Aranda Pérez [coord.]: *El mundo rural en la España moderna*, pp. 199-217. Cuenca: Universidad de Castilla-La Mancha.
- FERNÁNDEZ DE ROTA Y MONTER, J.A. (1982): “Jerarquía y reproducción doméstica en un viejo escenario rural gallego”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, vol. XXXIII, núm. 98, pp. 611-623.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, A. (1974): “Compañía familiar gallega”, *I Congreso de Derecho Gallego*. A Coruña.
- FREIRE ESPARÍS, M.P. (2004): *Familia, réxime demográfico e economía campesiña en Galicia nos séculos XVIII-XX. Dous modelos de evolución: Brión e Padrón*. Universidade de Santiago de Compostela.
- FREIRE ESPARÍS, M.P. (2008): *A familia rural na Galicia contemporánea. O cambio nas relacións familiares nos concellos de Brión e Padrón (1850-1970)*. Santiago de Compostela: Lóstrego.
- FREIRE ESPARÍS, M.P. (2009): “Emigración y feminización de la explotaciones agrarias familiares”, en A. Liñares Giraut [coord.]: *El protagonismo de la mujer en las corrientes migratorias españolas*, pp. 143-162. Vigo: Grupo España Exterior.
- FREIRE ESPARÍS, M.P. et al. (1999): “Idade contemporánea”, en M.X. Rodríguez Galdo [coord.]: *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, pp. 409-606. Santiago de Compostela.
- FUENMAYOR CHAMPÍN, A. (1948): “La mejora de labrar y poseer”, *Anuario de Derecho Civil*, I, fasc. III.
- GARCÍA RAMOS, A. (1912): *Arqueología jurídico-consuetudinaria económica de la región gallega*. Madrid.
- GARCÍA SEJO, H. (1980): “Os pactos sucesorios e o dereito civil de Galicia”, *Revista Galega de Estudos Agrarios*, núm. 3, pp. 73-84.
- GONDAR PORTASANY, M.; SAN MARTÍN SALA, X. (1979): “Bases para unha antropoloxía aplicada na Galicia rural”, *Revista Galega de Estudos Agrarios*, num. 2, pp. 185-208.
- ITURRA, R. (1985): “Casamento, ritual e lucro: a producao dos produtores numa aldeia portuguesa (1862-1983)”, *Ler Historia*, núm. 5, pp. 59-81.
- ITURRA, R. (1988): *Antropología económica de la Galicia rural*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- LABROUSSE, E. (1973): “Los ingresos del propietario, del arrendatario y del aparcerero”, *Fluctuaciones económicas e historia social*, pp. 209-226. Madrid.
- LEZÓN FERNÁNDEZ, M. (1903): *El derecho consuetudinario de Galicia*. Madrid.
- LISÓN TOLOSANA, C. (1971): *Antropología cultural de Galicia*. Madrid.
- LISÓN TOLOSANA, C. (1973): *Ensayos de antropología social*. Madrid: Ayuso.
- MÉNDEZ, L. (1987): *Cousas de mulleres. Campesiñas, poder e vida cotidiana (Lugo 1940-1980)*. Barcelona: Anthropos.
- MONTERO LOIS, M. (1898): *La compañía familiar gallega*. A Coruña: Imp. Viuda de Ferrer e Hijos.
- MOTA, G. (1988): “Estruturas familiares no mundo rural. Grupos domésticos no bispado de Coimbra em 1801”, *Revista Portuguesa de Historia*, núm. 25, pp. 1-66.

- NÚÑEZ GONZÁLEZ, M. (s.d.): *La compañía gallega*. (Discurso para o ingreso como académico da Real Academia Galega).
- PAZ ARES, J.C. (1964): *Instituciones al servicio de la casa en el Derecho Civil de Galicia*. Salamanca.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X. (1985): “La agricultura tradicional gallega. Crecimiento sin modernización”, *Papeles de Economía. Economía de las Comunidades Autónomas*, núm. 3, Galicia, pp. 145-171.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X.; LOSADA ÁLVAREZ, A. (2006): “Emigración y frenos malthusianos. Una lectura desde el análisis de las primeras fases de la transición demográfica en Galicia”, en: *Miscel·lània Ernest Lluch i Martín*, pp. 281-299. Barcelona: Fundació Ernest Lluch.
- SAN MARTÍN, J. (1984): “La herencia en Galicia. Un nuevo modelo”, *I Coloquio de Antropoloxía de Galicia*, pp. 47-56. A Coruña.
- STOLLE Y ÁLVAREZ, V. (1886): “De la compañía gallega”, *Revista General de Legislación y Jurisprudencia*, núm. 68.